

O MISTERIO DA SANTA COMPAÑA

Conta a historia, que nos anos dous mil dezasete e dous mil dezaioito a Santa Compañía desaparecera dos mapas.

Cada vez menos xente cría na Santa Compañía; un de cada cen cría, e as outras noventa e nove persoas non. Así, era moi difícil que a lenda se puxera en marcha outra vez.

Tres anos despois, concretamente o dezasete de abril de dous mil vinteún, unha fundación contratou persoas que axudaran a ensinar a toda esa xente que a Santa Compañía seguía nalgún lugar de Galicia.

Tardaron uns nove meses en atopar probas, pero aínda así o noventa e nove por cento da xente seguía sen crer, así que contrataron a máis xente para buscar probas máis convincentes para os cidadáns. Esta vez tardaron once meses porque foron a polas mellores probas que puideran encontrar.

Esta vez as probas fixeron que de cada cen persoas, polo menos, trinta, empezara a crer outra vez na lenda da Santa Compañía, pero agora todos se preguntaban: E por que desapareceran? A pregunta chegara a fundación, pero non podían permitirse economicamente outro proxecto como ese. A Xunta decidiu entón darlle vinte mil euros á fundación para que puidera buscar máis pistas sobre este novo tema.

Tardaron uns catro meses en saber porqué a Santa Compañía parara de saír nas noites galegas. Resulta que o seu traballo empezarlles a aburrir, xa que cando saían a xente só miraba para o seu móbil e non lles prestaba atención polo que non tiñan forma de asustalos. A Santa Compañía descubriu os novos xogos de moda para a PLAY STATION como o FIFA ou o FORTNITE, que os tiña enganchadísimos e os divertía. Pero ademáis de xogar a PLAY tamén aprenderan a debuxar anime, paisaxes e máis cousas. Tamén cabe destacar, que estaban a mirar unha serie de NETFLIX que era moi entretida sobre unha raíña namorada dun rockeiro que tocaba en bares de mala morte e que a súa historia de amor era imposible. Pero todo cansa... Os galegos e galegas empezaron a botar en falta as lendas de toda a vida, as súas raíces e costumes,

e a Santa Compañía non lle quedou outra que volver ao seu traballo de sempre para que a lenda volvесе a camiñar entre os galegos e galegas, deixando a serie sen terminar e os partidos do FIFA inacabados. Pero aínda que non o decían porque eran tipos duros, eles estaban máis que encantados.

PORQUE AS NOSAS COSTUMES NUNCA SE ESQUEZAN

Miguel Cuadrado Fernández. 5º Primaria A